

SOLICITUDE DE POSTOS DE MERCADO – MORRASOUND ROCK FEST 2019

1. PRAZO DE INSCRICIÓN.

1.1 O prazo de presentación de solicitudes comeza o luns 22 de abril e remata o luns 17 de xuño de 2019.

1.2 As solicitudes de inscrición remitiránse á Asociación Cultural Fontenla (sita na Rúa Costa número 7, baixo, en Domaio, 36957 Moaña, Pontevedra) mediante correo electrónico á dirección mercado@morrasound.com.

2. SOLICITUDE, PREFERENCIA E PRAZOS.

2.1. Terán preferencia para a instalación dos postos as asociacións veciñais e/ou culturais e as empresas radicadas na Península do Morrazo, por esta orde:

2.1.1. Os artesáns deberán aportar una fotocopia do DNI dos participantes na actividade e a documentación acreditativa da súa actividade, así como fotos dos produtos que elaboren.

2.1.2. As asociacións terán que entregar unha carta de solicitude do posto asinada polo representante legal da mesma, acompañada dunha fotocopia do CIF da entidade e unha fotocopia do DNI dos membros participantes na actividade.

2.1.3 Os postos que se dediquen á hostelería deberán aportar a documentación acreditativa da súa actividade, os permisos en vigor, carnet de manipulador de alimentos y registro sanitario. Ademais dunha fotocopia do DNI de tódolos participantes na actividade.

2.2. TODAS AS PERSOAS/ENTIDADES/EMPRESAS QUE SOLICITEN UN POSTO NO FESTIVAL DEBERÁN PRESENTAR A SOLICITUDE ANTES DO 17 DE XUÑO, o día 21 publicaráse a resolución da asignación dos postos, tendo entón de prazo ata o 5 de xullo para presentar o xustificante do ingreso bancario efectuado co importe da fianza e gastos segundo o establecido no punto 1 das “Bases para a instalación de postos”.

2.3. As cantidades económicas aboaránse no momento da apertura do segundo prazo (do 8 ao 25), por transferencia bancaria a nome da Asociación Cultural Fontenla, no **número de conta ES49 2080 5102 96 3040007281** de ABANCA, en concepto de colaboración cos gastos do Morrasound Rock Fest,

2.4. A devolución da fianza efectuaráse por idéntico medio, sendo necesario aportar, no momento da entrega do xustificante de pago, o correspondente número de conta,

no que ten que constar o nome do titular da mesma. **A devolución da fianza efectuaráse unha vez que a Comisión Organizadora avalíe o discorrer do Festival e o correcto cumprimento por parte de cada posto das normas establecidas nestas bases pola organización, nos 7 día hábiles seguintes ó evento.**

2.5. As solicitudes que non veñan acompañadas por algún dos documentos esixidos non serán admitidas a trámite.

2.6 . Antes do 10 de xullo faráse pública a lista de postos admitidos, coa indicación do número asignado a cada un deles e o nome da persoa ou entidade solicitante.

BASES PARA A INSTALACIÓN DE POSTOS O DÍA 13 DE XULLO NO MORRASOUND ROCK FEST EN DOMAIO (Moaña)

1. DOS POSTOS

1.1. Correspóndelle á Organización a designación dos postos, conforme ó espazo dispoñible e as características dos mesmos (tamaño, actividade, etc). Ningunha empresa poderá optar a un posto que non se corresponda coa súa actividade comercial.

1.1.1. Roupa, artesanía e promoción: cada posto adicado á venda de calquera produto fará unha achega para axuda de gastos de organización de 30€ en concepto de colaboración co Festival se a súa frontal non supera os 2 metros de lonxitude, e de 30€ en cocepto de fianza.

1.1.2. Hostelería: os postos de hostelería farán cada un deles unha achega para axuda de gastos da organización de 120€ en concepto de colaboración co Festival se a súa fontal non supera os 2 metros de lonxitude, e 120€ en concepto de fianza. En caso de que se supere, se incrementará en 60€ cada metro adicional.

1.2. As dimensións dos postos parten de 2x2 metros. Se a lonxitude ou profundidade do mesmo excédese desta medida a achega veríase incrementada a razón de 15€ por cada metro adicional no caso dos postos de roupa e artesanía, e a razón de 60€ por cada metro no caso da hostelería, ambos casos aplican o mesmo incremento no caso da fianza. O aumento de dimensións do posto deberá ser solicitado no momento da inscrición e autorizado pola Organización.

1.3. Os postos de máis de 8 metros de lonxitude farán unha achega para axuda de gastos de organización de 10€ por cada metro cadrado a maiores en concepto de colaboración co Festival, así como de 10€ en concepto de fianza.

1.4.Os postos que comercialicen alimentos xa sexan fríos ou quentes deberán dispor de servizos rexeitables, cartón, plástico... Non se permite a utilización de utensilios de cristal, barro, cerámica, metal, etc para por a disposición do público, unicamente queda permitido para uso exclusivo dos membros do posto. Ao remate da actividade deberán deixar todo limpo, calquera tipo de refugallo ou resto e o lixo producido será depositado en bolsas ou sacos destinados a tal efecto e os mesmos en colectores habilitados por todo o recinto.

1.5. Todos os postos que se adiquen á alimentación ou que utilicen ferramentas terán que dispor dun botiquín propio de primeiros auxilios, así como todos os que utilicen lume (cociñas, carbón, etc) deberán ter obrigatoriamente un extintor eficacia 21A-113B.

2. CONDICIÓN S DE PARTICIPACIÓN

2.1. Todo posto permanecerá aberto ó público durante o horario de celebración do evento. O peche ou non apertura que non sexa debidamente xustificado e autorizado dará lugar ás medidas disciplinarias que a Organización considere oportunas acorde ás bases establecidas.

2.2. Todos os postos deberán ser instalados durante o venres día 12 de xullo. Na fronte do mesmo colocaráse un cartel co nome do posto comunicado na preinscripción. As carpas industriais e os toldos plásticos serán debidamente amarrados e sinalizados en caso de levar ventos ou cordas de suxección.

2.3. Os postos que precisen facer lume para realizar as súas funcións deberán facelo constar na súa solicitude. Será obrigatorio que as lapas estén correspondentemente illadas e queda totalmente prohibido facer lume baixo toldos, instalacións eléctricas, etc.

NON ESTÁ PERMITIDA A VENTA DE BEBIDAS DE NINGÚN TIPO.

2.4.Todos os carteis, prezos e rótulos estarán redactados en galego. A listaxe de prezos deberá estar á vista e non se poderá alterar durante os días do Festival. Queda prohibida a instalación de aparellos reprodutores de música.

2.5. A Organización proporcionará unha toma bombilla para todos os postos. O suministro eléctrico será cortado media hora despois do remate das actividades do Festival. A Organización proporcionará auga para encher depositos e bidóns, cada local deberá dispor do seu propio sistema de almacenamento de auga en función das súas necesidades.

2.6. Apertura de postos: Venres 12 ás 19.00. A persoa representante do posto terá que asinar a folla de rexistro facilitada polo representante da Organización na que se validarán as condicións de apertura do posto (hora de apertura, produto, adecuación das instalacións, etc)

2.7. Os vehículos deberán ser retirados do recinto antes das 10.30 da mañán do sábado 13, non podendo entrar antes do remate do Festival.

2.8. Os postos deberán ser retirados antes do luns 15 de xullo ás 18.00. No caso específico de retrasarse a súa retirada, deberá ser informada a Organización a efectos de xestión do espazo.

3. DISPOSICIÓNS FINAIS

3.1. Queda terminantemente prohibida a venda de bebidas nos postos.

3.2. A Organización non se responsabiliza do posible deterioro, perda ou furto do material ou mercancía, polo que recomenda a súa retirada durante as horas nas que pecha o evento.

3.3. A Organización declina no posto vendedor toda responsabilidade sobre calidade, composición, manipulación, elaboración ou prezo dos produtos por eles expostos ou vendidos, así como das condicións laborais das persoas que participen nos mesmos e a falta de calquera documentación legal que acredite a súa actividade.

3.4. Por motivos de seguridade, orde ou limpeza poderáse modificar o plano de situación dos postos no propio día do Festival.

3.5. O incumprimento de calquera dos puntos destas bases suporá a perda total da fianza e o abandono do Festival a requerimento da Organización debendo os participantes respectar as accións de validación e de supervisión do persoal da Organización.

3.6. As incidencias en materia de instalación dos postos serán resoltas pola Organización de xeito motivado e inapelable téndose en conta para vindeiras edicións as incidencias que puideran acontecer.

3.7. As resolucións tomadas pola AC Fontenla como entidade organizadora son inapelables.

3.8 A Organización resérvase o dereito a escoller entre as solicitudes o número de postos similares que estime recomendable para evitar o exceso de competitividade.

3.9. No caso de producirse calquera desperfecto no recinto pola instalación ou desenvolvemento das actividades propias de cada posto, ou non deixar debidamente limpo a ubicación correspondente a cada posto, ou calquera acción que infrinxa as cláusulas destas bases, será penalizada coa retirada da fianza e, se a Organización o considerase oportuno, a expulsión do recinto.

3.10. A solicitude dun posto para participar no Morrasound Rock Festival supón a aceptación total destas bases.